

Acta núm. 9/2018. Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 6 de xuño de 2018

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 6 de xuño de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 22 de maio de 2018.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenza de obra menor.
- 4º.- Licenzas de obra maior.
- 5º.- Cambio de titularidade de actividade.
- 6º.- Licenza de segregación.
- 7º.- Aceptación de cesión de terreos.
- 8º.- Prezos públicos.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 22 DE MAIO DE 2018.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 22 de maio de 2018, acta núm. 8/2018.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SABINA SOÑORA PEREZ, con domicilio en Gronzo 26, Brión, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta en Gronzo 26, Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase dentro de dúas clasificacións do solo: solo de núcleo rural (NRL -2) e solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que estea colocada na parte da parcela correspondente á clasificación de solo de núcleo rural, e mínimo a 3 m. dos lindeiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por OLGA RAMOS GENDE, con domicilio en Avda. Vicente Ramos 22, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de limpeza da fachada do inmovible sito en Avda. Vicente Ramos 22, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC1).

Consonte co informe técnico a edificación atópase próxima ao denominado “Conxunto do Tremo”, formado por Igrexa, Cruceiro de varal e Fonte, integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM e identificados como AR2- AC9- AI3. Non resulta preceptivo obter a autorización previa do servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co disposto na Instrución do 8 de novembro de 2017, relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural, nos bens catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros coas seguintes condicións:

- Prohíbese o chorreado de area sobre a fábrica de pedra vista.
- De realizarse a limpeza con chorreado de auga a presión deberá obter a autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ENRIQUE VALERO GUTIERREZ DEL OLMO, con domicilio na Urbanización Monte Devesa 27, Os Ánxeles, na que comunica que vai instalar un galpón prefabricado de madeira, de 18 m², situado a 3 metros dos lindeiros, para gardar apeiros de labranza, en Piñeiro, Os Ánxeles.

A parcela aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste, en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a distancia do caseto ao eixe do vial público sexa como mínimo de 8,5 m.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANDRA BOUZAS GRONZO, con domicilio en Cantelar 12, Boullón, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Cantelar 12, Boullón:

- Construción dun peche na totalidade da finca, a 5,5 m. do eixe da estrada Cantelar–Tembra, e a 4 m. do eixe do camiño do resto das vías. A altura da parte opaca será de 0,80 m.
- Construción dun alpendre de 48 m² na parte traseira da finca, recuado tres metros mínimo dos lindeiros e do peche de parcela.

A parcela aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros coas seguintes condicións:

- Os bloques de formigón do alpendre e do peche, serán convenientemente revestidos e pintados.
- A cuberta do galpón estará terminada en tella.
- A altura total do peche non poderá ser maior de 1,80 m. sendo a parte opaca do mesmo máximo de 1,20 m.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SEVERO TORRES CARNEIRO con domicilio na Rúa Atenas 7H, 2ºB, Santiago de Compostela, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Bemil 16, Bastavales, substituíndo tella vella por tella nova, nunha superficie de 80m².

A parcela onde se pretenden executar as obras aséntase dentro do ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1).

Consonte co informe técnico a edificación atópase próxima ao denominado "Cruceiro de Bemil", integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM e identificado como XBC-2. Non resulta preceptivo obter a autorización previa do servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co disposto na Instrución do 8 de novembro de 2017, relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural, nos bens catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA MARIA GESTO POMBO, con domicilio en Quintáns 17, Brión, na que comunica que vai construír un peche perimetral de aproximadamente 75 m, con catro filas de bloques de formigón e maia eléctrosoldada de cor verde, en Quintáns 17, Brión.

A parcela aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en area non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura da parte opaca do muro non será maior de 1,20 m. con respecto á rasante natural do terreo.
- A altura total do peche non superará 1,80 m con respecto á rasante natural do terreo.
- Os bloques estarán convenientemente revestidos e pintados.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA ARUFE PEREZ, con domicilio en Avda. Bilbao 2, 5ºA, Santiago de Compostela, na que comunica que vai realizar obras de reparación da cuberta dunha edificación auxiliar sita en Cabanas, Os Ánxeles, substituíndo a tella vella por tella nova e colocando unha fiestra no plano do tellado.

A parcela onde se pretende realizar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Liñares, proxectando a conexión da rede de baixa tensión

aérea existente a unha rede de baixa tensión subterránea; e desde esta (35 m) ao CPM do petionario, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro Miguel Ángel Bernal López, con visado do Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia núm. 20181252.

A parcela sitúase dentro do ámbito do solo clasificado como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 305,57 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MONICA CIVES ARIAS, con domicilio en Avda. da Mahía 11, Bertamiráns, Ames, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Cirro 25, San Salvador, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Óscar López Alba, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.03.2018, e documentación complementaria visada o 02.04.2018, o 15.05.2018 e o 23.05.2018 e a documentación presentada o 16.04.2018 (r.e. 1479).

A parcela onde se pretenden executar as obras, ten dúas clasificación de solo:

- 1.155,78 m² en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), con referencia catastral nº 7732504NH2473S0001MI.
- 716,22 m² en solo rústico, con referencia catastral nº 7732504NH2473S0000XU.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Óscar López Alba, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.03.2018, e documentación complementaria visada o 02.04.2018, o 15.05.2018 e o 23.05.2018 e a documentación presentada o 16.04.2018 (r.e. 1479).

- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeados públicos), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- . Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 15,57 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 28 de maio de 2018.

Advírtese que o actual muro de peche da parcela polo fronte situase a máis de 4 m. da liña de cesión, polo que a modificación da posición deste peche á liña de cesión suporá segundo PXOM, pto. 3 da Ordenanza nº 8, situación 2, deixar libre un recuado – resio – dun mínimo de 3 m. de profundidade.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha solicitude presentada por MARCOS TOURIÑO SILVA, con domicilio na Rúa Senra 9, baixo, Os Ánxeles, na que solicita licenza para realizar obras de acondicionamento dun local para ampliar a actividade de taller de lavado de coches a reparación de vehículos automóbiles, ramas de mecánica e electricidade, na Rúa da Senra 9, baixo, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro industrial Diego Vázquez Rouco, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia o 15/01/2018 e documentación complementaria presentada no concello o 02/04/2018 (r.e.1213), visada o 27/03/2018, e o 16/05/2018 (r.e. 1901).

O local conta licenza de actividade outorgada pola Xunta de Goberno Local o 13.11.2007 a nome de Carlos Rodríguez Botana, para taller de lavado de coches e posterior cambio de titularidade a nome de Marcos Touriño Silva, concedido na Xunta de Goberno Local o 17.03.2009.

A parcela atopase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro industrial Diego Vázquez Rouco, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia o 15/01/2018 e documentación complementaria presentada no concello o 02/04/2018 (r.e.1213), visada o 27/03/2018, e o 16/05/2018 (r.e. 1901).

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción

e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Unha vez rematadas as obras de acondicionamento deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ao respecto pola Lei 9/2013, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación:

a.- Certificado de solidez da edificación.

b.- Certificado final de obra visado.

c.- Certificado emitido por empresa homologada no referente ao cumprimento das condicións acústicas conforme á Lei 37/2003 do ruído e o R.D. 1367/2007 de desenvolvemento da Lei do ruído.

d.- Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ramón Penide Beis que di actuar no nome de MADERAS BASTAVALES, S.L. con domicilio en Chave de Ponte 5, Bastavales, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de fábrica de serrar madeiras, situada en Chave de Ponte 5, Bastavales.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Ramón Penide Fraga e preténdese poñer a nome de Maderas Bastavales, S.L.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de fábrica de serrar madeira situada en Chave de Ponte 5, Bastavales, a nome de Maderas Bastavales, S.L., con CIF: B15432149.

SEXTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Margarita Sánchez Vázquez, que di actuar en nome de JAIME JORGE LIÑARES, con domicilio en Pérros 17, Os Ánxeles, na que solicita licenza de segregación e agregación, segundo proxecto redactado pola enxeñeira agrícola Cristina Sánchez Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra, visado núm.CO-20180320.

Descrición das fincas de orixe:

Finca número 619 de concentración parcelaria dos Ánxeles.

Referencia catastral: 7036405NH2473N0001SM.

Superficie: 1.547,96 m2.

Clasificación urbanística: ten dúas: 1.044,56 m2 como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e o resto, 503,40 m2, como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira, letra 2.b).

Lindes:

Norte: camiño existente.

Sur: Ramona Queiro Vilar, agora, Ramona Freire Hermo, Javier Freire Hermo e María Elena Freire Hermo.

Leste: Manuel Crisman Framil (620).

Oeste: edificación.

Existe na parcela unha edificación situada a menos de 4m do eixe do viario, dedicada a almacén.

Parcela A

Referencia catastral nº 7036418NH2473N0001PM.

Superficie: 772,00 m2.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: zona urbana de Pérros (outra de herdeiros de Freire, agora Ramona Freire Hermo e Jesús Vidal) e Ignacio Jorge Carreira, agora Jaime Jorge Liñares (619).

Sur: termina en punta con estrada da Picaraña a Gándara (AC-300).

Leste: parcela B de Javier Freire Hermo.

Oeste: estrada da Picaraña a Gándara (AC- 300).

Segregación pretendida:**Finca 1:**

Á parcela A segrégaselle unha porción de terreo de 135,50 m2 polo vento norte e agrégaselle á finca 619 de concentración parcelaria dos Ánxeles.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Superficie de cesión: linda coa vía AC-300 e xa foi realizada a cesión.

PARCELAS RESULTANTES:**1. Agregación:**

Superficie bruta: 1.683,46 m2 (135,50 m2 + 1.547,96 m2)

Clasificación urbanística: ten dúas: 1.180,06 m2, como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e o resto, 503,40 m2, como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira, letra 2.b).

Superficie de cesión: cesión xa realizada no tramo que linda ca vía AC-300 e cesión a 4 m do eixe do camiño de concentración parcelaria, correspondéndose con 69,06 m2.

Lindes:

Norte: Ramona Freire Hermo, Jesús Vidal e camiño existente.

Sur: Ramona Freire Hermo, Favier Freire Hermo e María Elena Freire Hermo.

Leste: Manuel Crismán Framil (620).

Oeste: edificacións de Jesús Vidal e Ramona Freire Hermo e estrada da Picaraña a Gándara (AC-300).

Existe na parcela unha edificación situada a menos de 4 m do eixe do viario, dedicada a almacén, polo que en base ao artigo 90 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, queda incurso na situación de fora de ordenación.

2. Resto de parcela:

Superficie bruta: 636,50 m2

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Superficie de cesión: cesión xa realizada no tramo que linda ca vía AC-300.

Lindes:

Norte: parcela resultante de agregación.

Sur: termina en punta coa estrada da Picaraña a Gándara (AC-300).
Leste: parcela B de Javier Freire Hermo
Oeste: estrada da Picaraña á Gándara (AC-300).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo da seguinte superficie: 69,06 m², destinado a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SETIMO.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS.

a) Visto o escrito presentado por LUIS LINO RODRIGUEZ CASTRO, con domicilio na Avda. Vicente Ramos 26, Os Ánxeles, de solicitude de aceptación da cesión de terreos por parte do Concello, que figuran na concesión de dúas licenzas de segregación outorgadas pola Xunta de Goberno Local o 02.09.2016 e o 11.04.2017, co fin de poder inscribir no Rexistro da Propiedade as fincas resultantes.

1.- Resultando que a Xunta de Goberno Local do concello en sesión do 02.09.2016 adoptou o seguinte acordo:

“QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de LUIS LINO RODRIGUEZ CASTRO, con domicilio na Avd. Vicente Ramos 26, Os Ánxeles, de solicitude de licenza de agregación e segregación dunhas fincas no Tremo, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Sánchez Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas A Coruña-Pontevedra, visado nº 542/16 e documentación complementaria presentada o 11/07/2016 (r.e.3036).

Descrición das parcelas orixinais:

Parcela con referencia catastral 7549145NH2474N0001OJ

Superficie: 2.661 m² segundo catastro e 2.670 m² segundo plano 2 e nota simple.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural na zona leste, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2) e solo urbano consolidado pola edificación, séndolle de aplicación as normas para o resto do solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: outra finca de Luis Lino Rodríguez Castro, herdeiros de Marcelino Brea Rodríguez, agora Rosa María Aparicio Carcamo, campo da Capela de Guadalupe e casa de Fernando Manuel Pérez Tuñas, agora María Élida Ferreiro Rama.

Sur: parcela A segregada e puntualmente con herdeiros de Nimo del Cabo, agora Ramón Vázquez Iglesias.

Leste: camiño público e en parte casa de Fernando Manuel Pérez Tuñas, agora María Élida Ferreiro Rama e parcelas segregadas A e parcela segregada B de Ramón Rodríguez Calvo.

Oeste: herdeiros de Nimo del Cabo, agora Ramón Vázquez Iglesias e Juan Fernando Guillén Fajardo.

Parcela con referencia catastral 7549146NH2474N0000JH

Superficie: 1.200 m² segundo catastro e 1.200 m² segundo plano 2 e escrituras.

Clasificación urbanística: solo urbano consolidado pola edificación, séndolle de aplicación as normas para o resto do solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: resto da finca matriz.

Sur: parcela B.

Leste: camiño público.

Oeste: resto da finca matriz.

Agregación e segregación pretendida:

Parcela con referencia catastral 7549146NH2474N0000JH

Segregáselle no vento norte unha franxa de 78 m².

Parcela resultante bruta: 1.122 m² (1.062 m² + 59.18 m² de cesión)

Clasificación urbanística: solo urbano consolidado pola edificación, séndolle de aplicación as normas para o resto do solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: parcela resultante da parcelación.

Sur: parcela B de Ramón Rodríguez Calvo.

Leste: parcela de cesión 1 (59,18 m²).

Oeste: parcela resultante da parcelación.

Parcela con referencia catastral 7549146NH2474N0000JH

Agrégaselle no sur unha franxa de 78 m².

Parcela resultante bruta: 2.748 m²

Clasificación urbanística:

Clasificación urbanística:

Solo de núcleo rural na zona leste, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2). Superficie bruta: 1.648 m².

E solo urbano consolidado pola edificación, séndolle de aplicación as normas para o resto do solo urbano (UC-2). Superficie bruta: 1.100 m² (1.045,14 m² + 54,86 m² de cesión).

Lindes:

Norte: outra finca de Luís Lino Rodríguez Castro, Rosa María Aparicio Carcamo, campo da Capela de Guadalupe e María Élida Ferreiro Rama..

Sur: resto da parcela A segregada e puntualmente con Ramón Vázquez Iglesias.

Leste: parcela de cesión 1 (54,86 m²) e en parte María Élida Ferreiro Rama e parcela segregada A e parcela segregada de Ramón Rodríguez Calvo.

Oeste: Ramón Vázquez Iglesias e Juan Fernando Guillén Fajardo.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade cos informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, informando ao interesado que no caso de que pretenda construír novas edificacións nas parcelas segregadas, de conformidade co sinalado no art. 150 da Lei do solo de Galicia deberá proceder á cesión dos terreos afectados pola traza viaria.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais."

2.- Resultando que a Xunta de Goberno Local do concello en sesión do 11.04.2017 adoptou o seguinte acordo:

"QUINTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de LUIS LINO RODRIGUEZ CASTRO, con domicilio en Avd Vicente Ramos 26, Os Ánxeles, na que solicita declaración de innecesariedade de licenza de segregación, dunha parcela situada na Rúa San Ramón, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Sánchez Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado nº 191/17.

A parcela matriz obxecto desta segregación é resultado da segregación doutra parcela con referencia catastral 7549145NH2474N0001OJ, concedida pola Xunta de Goberno Local o 02/09/2016.

Descrición da parcela matriz:

Parcela con referencia catastral 7549146NH2474N0000JH

Superficie neta: 2.693,14 m²

Clasificación urbanística: Ten outorgadas dúas clasificacións polo PXOM: Solo de núcleo rural na zona leste, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2) e solo urbano consolidado pola edificación, séndolle de aplicación as normas para o resto do solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: outra finca de Luís Lino Rodríguez Castro, Rosa María Aparicio Carcamo, campo da Capela de Guadalupe e María Élida Ferreiro Rama.

Sur: resto da parcela neta segregada A e puntualmente con Ramón Vázquez Iglesias.

Leste: parcela de cesión 1 (54,86 m²) e en parte María Élida Ferreiro Rama e parcela neta segregada A e parcela segregada B de Ramón Rodríguez Calvo.

Oeste: Ramón Vázquez Iglesias e Juan Fernando Guillén Fajardo.

Parcelas resultantes:

Parcela segregada:

Superficie: 1.648,00m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural da zona leste, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: outra finca de Luís Lino Rodríguez Castro.

Sur: puntualmente con Ramón Vázquez Iglesias.

Este: resto de finca orixe, resto de parcela neta segregada A e parcela segregada B de Ramón Rodríguez Calvo.

Oeste: Ramón Vázquez Iglesias e Juan Fernando Guillén Fajardo.

Resto da finca de orixe:

Superficie: 1.045,14 m².

Clasificación urbanística: solo urbano consolidado (UC2).

Norte: Rosa María Aparicio Carcamo, campo da Capilla de Guadalupe e María Elida Ferreiro.

Sur: resto da parcela neta segregada A.

Este: parcela de cesión 1 e en parte, María Elida Ferreiro Rama..

Oeste: parcela segregada.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, declarar a innecesariedade de licenza de segregación consonte co disposto no art.150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais."

Visto o informe da arquitecta municipal de data 04.06.2018 no que se informa favorablemente a aceptación da cesión dos terreos.

Á vista do exposto e aos efectos de regularizar no Rexistro da Propiedade as cesións dos terreos situados fóra das aliñacións previstas polo planeamento, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Aceptar a cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento correspondente a: 114,04 m² (59,18 m² + 54,86 m²), segundo licenza de segregación outorgada pola Xunta de Goberno Local o 02.09.2016, aos efectos de complementar o título para a inscrición no Rexistro da Propiedade de conformidade co previsto polos artigos 30.2 e 31 do Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

2º) Informar ao interesado que no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 11.04.2017, declarouse a innecesariedade de licenza de segregación consonte co disposto no artigo 150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no que non se cederon terreos.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

OITAVO.- PREZOS PÚBLICOS.

8.1. Prezo público para a realización da actividade: Excursión para a terceira idade do Concello de Brión a Guimaraes 2018.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 04/06/2018 de prezo público para a asistencia á actividade: Excursión para a terceira idade do Concello de Brión a Guimaraes 2018, o día 16 de xuño de 2018.

Vistos o informe técnico asinado pola traballadora social María Victoria Varela Rodríguez do 14/05/2018 e o informe de intervención do 04/06/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola realización da actividade: Excursión para a terceira idade do Concello de Brión a Guimaraes 2018, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público participante.....30,00 €.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

8.2. Prezo público para a realización da actividade: Vacacións para a terceira idade do Concello de Brión 2018.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 04/06/2018 de prezo público para a asistencia á actividade: Vacacións para a terceira idade do Concello de Brión 2018.

Vistos o informe técnico asinado pola traballadora social María Victoria Varela Rodríguez do 31/05/2018 e o informe de intervención do 04/06/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola realización da actividade: Vacacións para a terceira idade do Concello de Brión 2018, de acordo coa seguinte tarifa:

Prezo público participantes na actividade:

- En habitación dobre.....725,00 €.
- En habitación individual.....855,00 €.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González